

# REGULAMENTO

## 8ª ANDAINA POLO CORAZÓN DE GALIZA

### 1. DATA E LUGAR:

Celebrarase o día 21 de abril de 2024, con saída e chegada en Adegas CastroFiz, en SanFiz deAsma, Chantada.

Coordenadas 42.60690, -7.72189

Saída ás 10:00h.

### 2. PERCORRIDO:

A proba discorre por pistas, bosques e ribeiras de Chantada e ten unha distancia aproximada de 12 quilómetros cunha dificultade media

### 3. PARTICIPACIÓN:

O feito de inscribirse e participar nesta Andaina implica a aceptación deste regulamento.

### 4. INSCRIPCIÓNS:

A través da páxina:

[www.ccnorte.com](http://www.ccnorte.com)

O prazo para inscribirse remata o 18 de abril de 2024 ás 23:59h.

### 5. PREZO:

A inscrición ten un custe de 10€.

### 6. ENTREGA DO IDENTIFICADOR

A entrega do identificador alusivo á Andaina será o domingo día 21 de abril de 2024 de 9:00h a 09:45h na Adegas CastroFiz. Será obrigatorio colocalo nun lugar visible e non manipulado para facer uso de todos os servizos establecidos pola Organización.

### 7. SINALIZACIÓN:

O percorrido estará debidamente sinalizado e marcado con cintas e frechas.

### 8. RESPONSABILIDADE:

O dispositivo de seguridade, avituallamentos e sinalización estará debidamente montado dentro do horario da andaina e estará operativo para todos os participantes que se encontren entre os encargados da apertura e os encargados do peche.

A Organización responsabilizarase dos accidentes que se rexistren dentro do percorrido, pero declina toda responsabilidade en caso de accidente por abandono do itinerario establecido, negligencia do participante ou que este se encontre fora dos parámetros establecidos no punto 8.

A Organización non se fai responsable dos obxectos de cada participante.  
A Organización non se fai responsable dos danos morais ou materiais que a sí mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta andaina.

#### **9. ASISTENCIA:**

A Organización contará con persoal de asistencia en ruta, varios voluntarios nos puntos estratéxicos e persoas pechando a Andaina coa finalidade de que ningún participante se quede rezagado, pero non nos facemos responsables de quen, voluntariamente abandone o percorrido establecido.

Os participantes están obrigados a auxiliar aos accidentados e avisar á Organización se alguén necesita axuda. Poderán informar de calquera problema nos controis de paso, ao persoal da organización que estará ó longo do percorrido ou no número 637 85 88 83.

#### **10. AVITUALLAMENTOS:**

Disporase de puntos de avituallamento ó longo do percorrido e na chegada, nos que se ofrecerán produtos líquidos e/ou sólidos.

É obriga de tod@s @s participantes preservar o entorno evitando tirar desperdicios fóra das áreas de control. A tal efecto colocaranse colectores de lixo nos avituallamentos.

A inscrición nesta andaina dá dereito á Organización para poder facer uso das fotografías e imaxes do evento para a súa utilización, podendo publicalas en todos aqueles soportes de comunicación (folletos, carteis, artigos de prensa, web, etc.) que estime convinte para dar a coñecer a proba.